CONCELLO
DE ARES

MEMORIA

ATENCIÓN TURÍSTICA

OFICINA DE TURISMO · ARES

ALBOIO DE QUINÍN • REDES

XUÑO / SETEMBRO 2026

INFORMACIÓN XERAL

No 2026 a oficina de turismo abreu por conta das técnicas de turismo, cuxa xornada laboral foi do 75%. Durante a época estival traballaron de forma ininterrompida comezando o luns, 8 de xuño, e rematando o venres, 25 de setembro, nos seguintes horarios:

De luns a venres, de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00.

Os sábados, domingos e festivos, de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00.

Dende alí, o seu traballo principal foi recibir aos visitantes e resolverlles as dúbidas relacionadas non só coa vila e o seu patrimonio, senón tamén sobre o xeodestino onde nos atopamos, Ferrolterra.

Este non é o único traballo que realizan as técnicas, xa que, entre outras cousas, brindan información no Alboio de Quinín do porto de Redes pero tamén da vila e Ferrolterra; xestionan e realizan os cobros do servizo de aluguer de bicicletas; axudan aos visitantes có pago da zona azul nos meses de vixencia e acoden ao Equiocio, en Covas, có obxectivo de dar difusión á vila e ao Ares Indiano, pola proximidade entre as datas dos dous eventos.


Neste último, o Ares Indiano, participan de forma activa realizando as reservas dos roteiros a pé e en autobús histórico e, durante a propia fin de semana, guiando os roteiros en autobús, facilitando información aos visitantes e incluso na venda do *merchandising*.

ESTATÍSTICAS XERAIS E COMPARATIVAS

Se para comezar falamos de afluencia, houbo un total de 1634 consultas pertencentes a 3218 visitantes. Isto quere dicir que, pese a que recibimos un menor número de consultas, aumentamos máis dun 1,8% o número de visitantes respecto ao pasado ano 2025 (1784 consultas de 3160 visitantes).

En xuño houbo 187 consultas de 262 persoas, en xullo 674 de 1058, en agosto 612 de 1663 persoas e en setembro, 161 de 235 persoas.







Dentro dos grupos que vemos como “info Ares” e “info xeral” engadimos cuestións quizáis non tan repetidas para non saturar as gráficas coma, por exemplo, os servizos públicos, o AparcAres, camiños de Ares e Ribeiras de Ares, métodos de transporte dende a vila, información sobre o mosteiro, etc. Cabe destacar tamén que moitas veces un visitante non só pregunta por algo específico, senón que o fai sobre diferentes cousas, moitas veces tanto da vila coma do xeodestino.

Como podemos observar nas gráficas anteriores, a maior parte das consultas son sobre información da vila e o xeodestino, ocupando un total de 1317 consultas das 1634.

Malia non contar este ano có servizo de rutas a bordo do M. Presas, vemos que igualmente houbo visitantes que se interesaron por el ao longo do verán.




Do mesmo xeito, facemos *corte* nos lugares de procedencia que máis se repiten ao longo do mes, o que non quere decir que non acudiran persoas doutros lugares á oficina, senón que mantemos o mesmo criterio que coas consultas: non saturar as gráficas e ofrecer una visión dos principais focos de procedencia.



Cómpre destacar que os visitantes principais son galegos, normalmente da zona (Mugardos, Ferrol, A Coruña,...), que se corresponden cun total de 948 consultas, seguidos de madrileños (399 consultas), que en moitos casos deciden adquirir na nosa vila unha segunda vivenda. Continuamos vendo, igual que outros anos, presenza de visitantes doutros países europeos.


A continuación veremos reflexados os grupos de idade que acoden á oficina.



Antes de seguir gustaríanos facer unha pequena reflexión que é que, este 2026, o número de homes e mulleres de máis de 60 anos creceu de forma notable (509 e 590 respectivamente fronte aos 386 e 509 do pasado ano, casi un 32 e un 16% máis), mentres que por outra parte houbo un descenso de homes de entre 18 e 40 anos (de 307 a 217), o que quere decir que son principalmente as persoas máis maiores as que elixen vir á nosa vila, moitas veces motivados pola súa orografía e comodidade. O grupo máis predominante segue a ser, igual que no pasado ano, o de idade media, tanto en homes coma en mulleres, e normalmente son parellas que viaxan soas.

ALBOIO DE QUINÍN

O alboio de Quinín mantén unhas estadísticas prácticamente iguais ás do 2025, xa que tivo nese ano 77 visitantes e 78 neste.



O pasado ano eran máis as mulleres de mediana idade as que acudían a visitar o alboio (24 fronte a 12 homes do mesmo grupo de idade) e esta tempada atopámonos un crecemento nas visitas tamén dos homes de mediana idade chegando a ser a mesma cifra que de mulleres (21 de cada).

Maioritariamente as consultas están relacionadas có alboio e o porto de Redes en si, e neste caso estamos a falar de 30 consultas fronte a 5, algo moi notorio, aínda que cómpre dicir que moitas veces chegan a visitar o alboio porque dende a propia oficina se lles explica como ir.




BICICLETARES

Outro ano mais se puxo en marcha en colaboración coa concellería de deportes o servizo de aluguer de bicicletas ou BicicletAres, contando este ano coa novidade da incorporación de bicicletas eléctricas, demandadas noutros anos.

O sistema é sempre o mesmo: as bicicletas pódense alquilar medio día ou día completo, sempre no horario de apertura da oficina, o que quere dicir que non se poden alquilar por varios días; non se realizan reservas de bicicletas nin dun día para outro nin no mesmo día; as bicicletas non poden saír do termo municipal xa que se trata dunha actividade de promoción da vila e fomento do deporte; é importante respetar as normas vixentes de tráfico e por suposto e non menos importante, coidar das bicicletas e devolvelas no mesmo estado no que saíron da oficina.

A maiores, dende a oficina cóntase cunha variedade de cascos de diferentes tamaños e unha silla de acople infantil para as bicicletas eléctricas.

Ao longo do verán alugáronse por parte de 38 persoas 79 veces as bicicletas, o que quere dicir que é algo que resulta atractivo non só a visitantes senón tamén a xente da contorna.



Este gráfico nos permite ver que a novidade das bicicletas eléctricas tivo moi boa acollida, sendo estas as máis alugadas durante a tempada. Por outra parte, as bicicletas de montaña quedan en segundo lugar pero cunha distancia curta, xa que falamos de que as eléctricas se alugaron un total de 36 veces e as de montaña de 30. Por último si que podemos apreciar diferenza nas infantís, alugadas 13 veces.

BARCO M. PRESAS E MOSTEIRO DE SANTA CATALINA

Aínda que este ano, por causas de forza maior, non houbo rutas en barco pola ría a bordo do M. Presas e tampouco se poido acceder a visitar o interior do mosteiro de Santa Catalina, non foron poucos os visitantes que ao longo do verán se achegaron á oficina ou contactaron telefónicamente para preguntar por ambos, o que nos indica que no caso de que estivesen operativos terían éxito ao igual que outros anos.

EQUIOCIO

Como dende fai xa uns anos, as técnicas volveron a acudir a Equiocio, celebrado en Covas a fin de semana do 7 ao 9 de agosto, aproveitando a proximidade entre datas de cara a promocionar o Ares Indiano. No stand informativo podíanse atopar, entre outras cousas, información relacionada có noso patrimonio indiano e de forma complementaria información sobre a vila. A presenza durante esa fin de semana fixo que visitantes que acudiran ao evento viñesen posteriormente a desfrutar do Ares Indiano, participando incluso nas actividades organizadas polo concello.



SUXERENCIAS

- Colocación de parquímetros para o cobro da zona azul. Trasladamos isto tras numerosas peticións de instalación de parquímetros, xa que ao longo do verán atopamos visitantes que non posuían tarxeta de crédito ou débito, que non sabían como realizar o pago dende a páxina web ou que non lles resultaba doado.

- Realización das rutas de sendeirismo como actividade guiada ou en grupo.